

TEMOS UN PROBLEMA

Este caderno vaiche servir para romper a cachola mentres esteas en primaria, pero tamén che vai servir para aprender moito.

Olo, non tes que facer todos os exercicios seguidos, vai amodiño, cada ano un pouquichiño, así poderás chegar ao final con todo rematado.

Nós empezamos a escribir problema a problema, como se fose un crebacabezas, é dicir, pouco a pouco, desde os máis sinxelos aos máis complicados, de 1.º a 6.º de primaria.

Deste xeito, ti mesmo, coa axuda dos teus mestres e mestras, poderás controlar, curso a curso, os teus avances.

Cando estea rematado, gárdao, así cando sexas maior e traías á escola os teus fillos, poderás ensinarlles os teus progresos e lembraraste de cando eras neno.

Agora, neno, nena, o problema telo ti.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

1.º ciclo – 1.º curso

Sumas sen levar

1 – Nunha granxa hai 2 vacas e 3 cans. Cantos animais hai en total?

2 – Na cociña da miña casa hai 5 potas e 4 tarteiras, ademais dunha tixola. Cantos cacharros temos na cociña?

3 – Miña nai ten un televisor no cuarto e outro no salón. Cantos televisores ten miña nai?

4 – Nun taxi fomos eu mais miña nai. Cantas persoas ían no coche?

5 – Un coello ten 4 patas. Cantas patas teñen 2 coellos?

6 – Xogamos ao fútbol 10 nenos e nenas de 1.º A, e 12 nenos e nenas de 1.º B. Cantos nenos e nenas xogamos ao fútbol?

7 – Na miña rúa hai aparcados 3 coches, 2 motos e 1 autobús. Cantos vehículos hai aparcados na rúa?

8 – A entrada do cine custa 2 euros. Canto custan 3 entradas?

9 – A galiña ten 4 pitiños e o rancho ten 4 ranchiños. Cantos animais hai en total?

10 – No circo había 3 leóns e 4 tigres. Cantas feras había?

11 – Teño 4 euros e miña madriña dáme 2 euros máis. Cantos euros teño agora?

12 – Hoxe fago 6 anos. Cantas candeas teño que poñer na torta?

13 – Un lapis custa 20 céntimos de euro. Canto custan 3 lapis?

14 – No meu estoxo teño 1 lapis, 1 afialapis, 1 goma e 4 pinturas. Cantos obxectos teño no meu estoxo?

15 – Eu vivo no número 16 da miña rúa e o meu amigo Xián vive 2 casas máis arriba. En que número vive o meu amigo Xián?

16 – Chega ao peirao do porto un barco que trae 4 caixas de sardiñas e 5 caixas de pescada. Cantas caixas de peixe trae o barco?

17 – Onte fun á praia cos meus pais, meus avós, miña irmá e meu curmán. Cantas persoas fomos á praia?

18 – Merquei 1 xeado que me custou 1 euro, 1 bolsa de patacas fritidas que me custou outro euro e 1 bolsa de lambetadas por 2 euros máis. Cantos euros paguei en total?

19 – Hoxe comen no colexio 12 nenos e nenas de 1.º A e 13 nenos e nenas de 1.º B. Cantos nenos e nenas comen hoxe no colexio?

20 – Os nenos de 1.º curso teñen unha mestra de inglés, outra de música, unha de ximnasia, outra de relixión e un mestre titor. Cantos mestres e mestras teñen en total?

21 – Cada mesa da miña clase ten 2 cadeiras. Se temos 4 mesas, cantas cadeiras temos?

22 – Hoxe fixen 4 sumas e 2 restas. Cantas contas fixen?

23 – Pola mañá lin 3 follas dun libro de contos e pola tarde 2 follas máis. Cantas follas lin en total?

24 – Teño 7 anos e miña irmá ten 2. Cantos anos temos entre os dous?

25 – A miña bici ten 2 rodas. Cantas rodas teñen 2 bicis?

Restas sen levar

26 – Teño unha bolsa con 6 caramelos. Deille 1 caramelo a cada un dos meus 4 amigos. Cantos caramelos me quedan?

27 – Levaba 80 céntimos para mercar pan, pero polo camiño perdín unha moeda de 20 céntimos. Cantos cartos teño agora?

28 – Teño 7 lapis de cores e rompín 3 lapis. Cantos lapis teño agora?

29 – No estanque do parque había 6 parrulos, pero saíron da auga 5. Cantos parrulos quedan agora na auga?

30 – Xián repartiu 6 caramelos entre 6 amigos e ao final púxose a chorar. Por que choraba Xián?

31 – Con 15 euros que tiña merquei un xoguete que me custou 12 euros. Canto me sobrou?

32 – Dos 23 alumnos e alumnas da clase saíron 21 ao recreo. Cantos quedaron castigados?

33 – No comedor do colexio hai 57 pratos de caldo. Despois de xantar, sobraron 3 pratos. Cantos nenos foron ao comedor?

34 – Teño unha caixa de lapis que ten 10 lapis. Se deixo 7 na casa, cantos levo á escola?

35 – No froiteiro da cociña había 8 mazás, pero miña nai comeu 2. Cantas mazás quedan agora?

36 – Merquei 6 latas de refrescos, pero como ía moita calor bebemos 3 latas entre meu curmán, miña nai e mais eu. Con cantas latas chegamos á casa?

37 – O meu caderno de galego ten 48 follas, pero só me faltan 6 para rematalo. Cantas follas fixen?

38 – Trouxen á escola 24 bolsas de lambetadas para repartir o día do meu aniversario, pero volvín para a casa con 3 bolsas. Cantos nenos e nenas foron hoxe á escola?

39 – Nas festas da vila mercáronme 3 globos, pero escapáronme 2. Cantos globos teño agora?

40 – Tiña un burato no meu estoxo e, cando me decatei, de 16 lapis que tiña soamente apareceron 6. Cantos perdín?

41 – Había 4 chinchetas suxeitando o calendario da clase, pero caeu 1. Cantas chinchetas quedan?

42 – Dos 29 mestres e mestras do colexio, enfermaron 5. Cantos mestres e mestras hai hoxe no colexio?

43 – Na biblioteca da aula hai 18 contos, pero os nenos levaron 8 para ler na súa casa. Cantos contos quedan na aula?

44 - No peirao do porto había 9 barcos de pesca, pero saíron ao mar 7. Cantos barcos quedan no peirao?

45 – Miña nai foi á tenda con 10 euros e volveu con 8. Cantos euros gastou?

46 – Nun escaparate dunha tenda de bicicletas había onte 7 bicicletas, hoxe soamente había 2. Cantas bicicletas se venderon?

47 – Teño unha caixa con 18 rotuladores, pero só pintan 12. Cantos están secos?

48 – Dos 23 nenos e nenas da clase, 21 fixeron un debuxo nun folio. Cantos non fixeron debuxo?

49 – A semana ten 7 días. Se imos 5 á escola, cantos días descansamos?

50 – O ano ten 12 meses e o curso escolar dura 10 meses. Cantos meses non hai escola?

Sumas levando

51 – Tiña 18 bólas e gañei 13 máis. Cantas bólas teño agora?

52 – Antón colecciona adhesivos de animais. Xa ten 36, pero hoxe déronlle 14 máis. Cantos ten agora?

53 – No comedor do colexio comen 67 nenos, pero hoxe chegaron 14 nenos novos. Cantos nenos comen agora no comedor do colexio?

54 – No curso de 1.º A hai 25 nenos e nenas e en 1.º B, outros 25. Cantos nenos hai en total en 1.º curso?

55 – Nunha granxa hai 15 vacas e 16 ovellas. Cantos animais hai en total?

56 – Nun autobús viaxan 24 persoas e nunha parada soben 17 persoas máis. Cantas xente viaxa agora no autobús?

57 – Un pescador pescou 19 troitas pola mañá e 21 pola tarde. Cantas troitas pescou ao longo do día?

58 – No zoológico viven dúas familias de monos. Unha familia ten 18 moniños e a outra ten 22. Cantos monos hai en total?

59 – O meu estoxo ten 24 lapis de cores e 28 rotuladores. Cantas pinturas hai en total?

60 – No meu edificio viven 26 persoas e no edificio de enfrente viven 28. Cantas persoas viven nos dous edificios?

61 – Nun aparcadoiro hai 28 coches e entraron 14 máis. Cantos coches hai agora no aparcadoiro?

62 – Nunha panadería hai 17 barras de pan e 28 moletes. Cantas pezas de pan hai en total?

63 – Nunha percha da clase hai 14 chaquetóns e noutro 19. Cantos chaquetóns hai en total?

64 – As 12 nenas e os 9 nenos de 1.º de primaria trouxeron hoxe paraugas á clase. Cantos paraugas hai hoxe na clase?

65 – No colexio hai 22 mestras e 19 mestres. Cantos mestres e mestras hai en total no colexio?

66 – O Día da Árbore os nenos de 1.º plantaron 18 carballos e 15 loureiros. Cantas árbores plantaron os nenos de 1.º?

67 – Na nosa clase hai 15 cadernos verdes, 18 cadernos amarelos e 11 cadernos vermellos. Cantos cadernos hai na clase?

68 – Nunha regata participan 26 veleiros dun club náutico e 25 doutro. Cantos veleiros participan na regata?

69 – Nas festas da vila había 2 atraccións de coches de choque, unha tiña 18 coches e a outra 19. Cantos coches de choque había en total?

70 – Na praia fixeron un campionato de fútbol con 4 equipos. O equipo A obtivo 16 puntos, o equipo B obtivo 12 puntos, o equipo C obtivo 10 puntos e o equipo D obtivo 8 puntos. Cantos puntos sumaron ao final?

71 – Na biblioteca da aula hai 34 libros de contos, pero os pais dos nenos regalaron 27 libros de contos máis. Cantos libros ten agora a biblioteca da aula?

72 – Nas festas da miña vila merquei algodón de azucre que me custou 57 céntimos, logo merquei unha mazá con caramelo que me custou 37 céntimos. Cantos céntimos gastei en total?

73 – Nunha xoguetería merquei 2 motos de xoguete a 7 euros cada unha. Tamén merquei un balón de 18 euros. Cantos cartos gastei?

74 – Nunha carreira pedestre participaron 23 corredores galegos e 39 de fóra. Cantos corredores participaron na carreira?

75 – No programa de madrugadores do colexio hai 7 nenos de 1.º curso, 6 nenos de 2.º curso, 5 nenos de 3.º curso, 4 nenos de 4.º curso, 8 nenos de 5.º curso e 12 nenos de 6.º curso. Cantos nenos hai en total no programa de madrugadores?

Sumas levando e restas sen levar

76 – Nun autobús viaxan 13 pasaxeiros, nunha parada subiron 19 máis e baixaron 2 viaxeiros. Cantos viaxeiros quedan no autobús?

77 – Nunha pucharca había 18 parrulos na auga, logo entraron 17 máis, pero máis tarde saíron 5 da auga. Cantos parrulos quedan na pucharca?

78 – Nunha granxa había 16 porcos e 16 galiñas. Se escapan 1 porco e 1 galiña, cantos animais quedan na granxa?

79 – Tiña 24 chapas e xogando gañei 17 máis. Logo deille ao meu amigo Fiz unha chapa. Cantas teño agora?

80 – Hoxe no comedor hai albóndegas. Primeiro botáronme 5 albóndegas e logo 6 máis, pero, ao final, deixei unha albóndega no prato. Cantas albóndegas comín?

81 – Na clase de Coñecemento do Medio estamos xuntando láminas de animais. Onte trouxeron 15 e hoxe trouxeron 18 máis, pero tivemos que devolver 3. Cantas láminas de animais temos agora na clase?

82 – Anxo e mais eu xuntamos as cores dos nosos estoxos. Eu tiña 16 lapis de cores e Anxo 18, pero logo prestámoslle 4 lapis a Uxío. Cantos lapis temos agora entre Anxo e mais eu?

83 – Temos un aniversario na clase. Déronlle a cada neno 8 caramelos e 6 bombóns, pero, como foi mal repartido, cada neno tivo que devolver tres cousas. Con cantas cousas quedou ao final cada neno?

84 – Na festa de aniversario de Uxío puxeron 18 pratos nunha mesa e 17 pratos noutra. Como faltaron 5 nenos, retiráronse 5 pratos. Cantos pratos quedaron entre as dúas mesas?

85 – O noso pai mercou 8 coches de xoguete para min e 7 coches para o meu irmán. Polo camiño perdéronse 3 coches. Con cantos coches chegou á casa?

86 – Nunha carreira de obstáculos hai 2 tramos, un con 17 obstáculos e outro con 19 obstáculos. Se tirei 2 obstáculos, cantos obstáculos quedaron en pé?

87 – Na miña rúa hai 27 coches aparcados na marxe esquerda e 34 aparcados na marxe dereita. Se marcha un coche, cantos coches quedan en total?

88 – No meu álbum de fotos temos 48 fotos de aniversarios e 38 fotos de festas. Se regalo 6 fotos, cantas fotos me quedan?

89 – Nunha partida de birlos fixen 14 puntos dunha tirada e 18 puntos doutra, logo anuláronme 2 puntos. Con cantos puntos quedei ao final?

90 – Merquei un xersei por 27 euros e unha saia por 35 euros. Se me descuentan 2 euros pola compra, cantos euros paguei?

91 – No meu xardín tiña 28 rosas e 37 caraveis. Se corto 3 flores, cantas flores quedan ao final?

92 – Teño 27 bólas nunha bolsa e 28 noutra. Se perdo 4 bólas, cantas bólas teño agora?

93 – Nunha tenda de roupa hai 18 saias e 15 camisas. Se se venden 3 pezas de roupa, canta roupa queda?

94 – Teño 46 laranxas nunha cesta e 57 noutra. Se podrecen 3 laranxas, cantas laranxas quedan?

95 – Nunha competición deportiva, a clase de 1.º A obtivo 59 puntos e a clase de 1.º B 58 puntos. Logo anuláronse 6 puntos. Cantos puntos obtiveron entre as dúas clases?

96 – Nunha pucharca había 19 ras subidas nunha rocha e 18 ras subidas noutra. Se se botan a nadar 6 ras, cantas ras quedan nas rochas?

**97 – Na cociña da miña casa fixen unha sobremesa con 27 gramos de azucre e 67 gramos de fariña. Cantos gramos usei en total?
Ao final sobraron 13 gramos. Cantos gramos gastei en total?**

**98 – Na miña casa tiña 16 lámpadas, pero fundíronse dúas. Cantas me quedan?
Fun a unha tenda e merquei unha lámpada por 37 céntimos e outra por 45 céntimos. Canto paguei en total?**

99 – Nun floreiro puxeron 16 rosas e 15 caraveis. Se logo sacou unha flor, cantas flores quedan?

100 – Os nenos e nenas de primeiro visitaron un museo de arte. Nunha sala había 47 cadros e noutra 58 cadros, pero logo retiraron 4 cadros. Cantos cadros quedaron ao final no museo?

1.º ciclo – 2.º curso
Sumas levando

1 – Na clase temos 23 gomas de borrar, 15 lapis e 12 afialapis. Cantos obxectos temos?

2 – No autobús escolar viaxan 8 nenos e nenas de 2.º A, 7 nenos e nenas de 2.º B e 12 nenos e nenas de 1.º. Cantos nenos e nenas viaxan no autobús?

3 – Teño 5 moedas de 1 euro, 2 moedas de 2 euros, un billete de 5 euros e outro billete de 10 euros. Cantos cartos teño en total?

4 – Onte fixen 14 problemas e hoxe fixen 18 problemas. Cantos problemas fixen en total?

5 – A entrada do circo custa 17 euros. Canto custan 3 entradas?

6 – Nunha granxa hai 23 vacas, 17 porcos e 36 galiñas. Cantos animais hai en total?

7 – Tiven que mercar 1 roda nova para a miña bici. A roda custoume 28 euros, pero por poñela cobráronme 13 euros máis. Canto paguei en total?

8 – O día do meu aniversario, miña avoa deume 12 euros, miña tía 15 euros e meus pais 18 euros. Cantos cartos xuntei en total?

9 – No campionato de chave acadáronse os seguintes resultados:

Equipo A: 27 puntos

Equipo B: 36 puntos

Equipo C: 43 puntos.

Cantos puntos se acadaron en total?

10 – Hoxe almorzaron na escola 17 nenos e nenas de 1.º e 18 nenos e nenas de 2.º. Cantos nenos e nenas almorzaron hoxe na escola?

11 – Para o Festival de Entroido precisamos o seguinte material: 23 sacos vermellos, 23 sacos amarelos e 12 cartolinas de varias cores. Canto material precisamos en total?

12 – Na clase de música, 14 nenos tocan o xilófono e 16 nenas tocan a frauta. Cantos nenos e nenas tocan instrumentos?

13 – Nun aparcadoiro hai 27 coches, 13 motos e 15 autobuses. Cantos vehículos hai en total no aparcadoiro?

14 – O autobús escolar leva 54 nenos e nenas na primeira viaxe e 59 nenos e nenas na segunda viaxe. Cantos nenos e nenas leva en total?

15 – Onte puxen 19 grampas na grampadora e hoxe tiven que poñer 18 grampas máis. Cantas grampas puxen en total?

16 – Na cociña do colexio entraron hoxe 21 quilos de peixe, 19 quilos de carne e 18 quilos de patacas. Cantos quilos de comida entraron hoxe na cociña?

17 – Un carteiro repartiu 68 cartas e 16 paquetes. Cantas cousas repartiu o carteiro?

18 – Nunha froitería merquei laranxas por 19 euros, cereixas por 16 euros e amorodos por 15 euros. Cantos euros paguei en total?

19 – Na biblioteca da aula temos 38 contos e 13 dicionarios. Cantos libros temos en total?

20 – Para amañar o corredor do colexio utilizáronse 43 quilos de pintura branca e 28 quilos de pintura amarela. Cantos quilos de pintura se utilizaron en total?

De moedas e billetes. Pesos e capacidades

21 – Teño nunha xerra medio litro de leite e noutra un cuarto de litro. Logo, miña nai xunta todo nun bidón e bota un cuarto de litro máis. Canto leite temos en total?

22 – Hoxe pesei todos os xoguetes do meu cuarto. O osiño pesou 1 cuarto de quilo; o mecano pesou 1 quilo; o coche, medio quilo; o barco, 1 quilo; e o avión, 1 cuarto de quilo. Canto pesan todos os meus xoguetes?

23 – Pon 45 euros cos menos billetes posibles.

24 – Expresa con moedas 1 euro de 5 formas diferentes?

25 – Teño 4 botellas de auga de litro e medio. Cantos litros de auga teño?

26 – Merquei cuarto quilo de amorodos, medio quilo de cereixas e cuarto quilo de laranxas. Canto peso levo na bolsa?

27 – Nunha carreta levo 4 maletas. Cada maleta pesa 1 quilo e cuarto. Canto peso levo na carreta?

28 – Abrín o meu peto para contar as moedas. Estes foron os resultados:

4 moedas de 2 euros

12 moedas de 1 euro

18 moedas de 50 céntimos

14 moedas de 20 céntimos

7 moedas de 10 céntimos

5 moedas de 5 céntimos

10 moedas de 2 céntimos

5 moedas de 1 céntimo.

Cantos euros teño en total?

29 – Fixen unha compra e devolvéronme 1 euro e 45 céntimos. Cantas moedas me devolven e de que valor eran?

30 – Merquei un conto por 18 euros e pagueino con 51 moedas. De que xeito o fixen?

31 – Teño 2 litros de refresco que reparto entre 8 vasos. Que cantidade poño en cada vaso?

32 – Suma os seguintes pesos:

Cuarto quilo

Medio quilo

Un quilo

Cuarto quilo.

Cantos quilos dá?

33 – No seu aniversario, Brais repartiu 46 doces entre os seus 23 compañeiros. Cantos lle dá a cada un?

34 – Saco auga dun pozo artesán cun caldeiro. O caldeiro ten unha capacidade de 2 litros e medio. Se fago esta operación 10 veces, cantos litros saco?

35 – Preciso repartir 1 botella de litro e medio de refresco entre 3 vasos. Canto líquido poño en cada vaso?

36 – Teño 1 bolsa con 25 caramelos. Cantos podo repartir entre os 23 nenos e nenas da miña clase e cantos me sobran?

37 – Teño 1 billete de 50 euros e quero cambialo polo maior número de billetes posible. Cantos billetes serán e de que valor?

38 – Un can pesa 36 quilos e 1 ovella 36 medios quilos e 72 cuartos de quilo. Cal dos 2 animais pesa máis?

39 – Se 1 quilo de amorodos custa 6 euros, canto custa medio quilo?

40 – Paguei 1 euro por cuarto quilo de laranxas. Canto pagarei por 1 quilo?

Reloxo e medidas

41 – O corredor do colexio mide 12 metros. Cantos centímetros son?

42 – O noso recreo dura media hora. Cantos cuartos de hora dura o recreo?

43 – A clase de inglés dura de dez e media a once e vinte e cinco. Cantos minutos dura a clase de inglés?

44 – Entro no colexio ás nove e media e saio ás dúas e media. Cantas horas estou dentro do colexio?

45 – Un partido de fútbol dura 90 minutos. Se comeza ás 3 da tarde, a que hora remata?

46 – A nosa fiestra da aula mide 200 centímetros de alto. Cantos metros mide a fiestra de alto?

47 – Meu amigo Brais mide 135 centímetros e eu mido 1 metro e 35 centímetros. Quen dos dous mide máis?

48 – Cantas horas son 6 medias horas?

49 – Cantos minutos ten unha hora e media?

50 – Cantas horas son 8 cuartos de hora?

De sumas levando e restas sen levar

51 – Un barco transporta 25 contedores vermellos e 37 contedores amarelos. Unha onda mariña arranca 2 contedores da cuberta. Cantos contedores quedan no barco?

52 – Nunha parede da aula hai 17 ganchos de percha e na outra parede 18 ganchos máis. Se rompen 5 ganchos, cantos ganchos quedan útiles?

53 – Os nenos de 2.º teñen 73 lapis de cores entre todos. As nenas de 2.º teñen 89 lapis de cores entre todas. Se se estragan 2 lapis de cores, cantos quedan ao final entre os nenos e nenas de 2.º curso?

54 – Hoxe apuntáronse ao comedor 17 nenos e nenas de 2.º A e 18 nenos e nenas de 2.º B, pero logo faltaron 3 nenos. Cantos nenos e nenas de 2.º foron ao final ao comedor?

55 – Para a Festa do Entroido, os 23 nenos e nenas de 2.º A trouxeron 2 filloas cada un. Os 24 nenos e nenas de 2.º B tamén trouxeron 2 filloas cada un, pero a mestra tiroulles 4 filloas que viñan estragadas. Cantas filloas quedaron ao final?

56 – Nun andel da tenda do meu barrio hai 18 tarros de mel e 18 de marmelada. Se se venden 3 tarros, cantos tarros quedan no andel?

57 – Merquei 1 conto por 27 euros e 1 caderno por 5 euros, pero cando fun pagar descontáronme 1 euro. Canto paguei ao final?

58 – Un pescador pescou un día 35 troitas e 27 reos. Logo devolveu 2 peixes ao río porque eran moi pequenos. Con cantos peixes volveu á casa?

59 – Un cazador fixo 57 disparos pola mañá e 64 disparos pola tarde, pero tres disparos non lle saíron. Cantos disparos fixo ben?

60 – Nunha competición de tiro con arco, un arqueiro fixo os seguintes puntos: 12, 34, 5, 16, pero o árbitro anuloulle 5 puntos. Con cantos puntos rematou a competición?

De sumas levando e restas levando

61 – Nunha regata participaron 26 veleiros dun club náutico e 38 doutro, pero 8 non chegaron á meta. Cantos veleiros chegan á meta?

62 – Unha motora sae de pesca e volve con 27 quilos de xoubas e 35 quilos de xurelos. Se o mariñeiro leva 4 quilos de peixe para a súa casa, cantos quilos de peixe pode vender?

63 – Nun parque están xogando 53 nenos e nenas. No tobogán están xogando 18 nenos e nenas, nos tobos están xogando 19 e nas randeiras están xogando 10. Cantos nenos e nenas non están xogando nos aparellos?

64 – No coro do colexio 15 nenos e nenas tocan o xilófono, 12 tocan a frauta e 7 cantan. Hoxe faltaron ao coro 8 nenos e nenas. Cantos nenos e nenas participan no concerto de hoxe?

65 – Nunha carreira pedestre participan 18 nenos e nenas de 2.º A e 19 de 2.º B. Durante a carreira retiráronse 8 nenos e nenas. Cantos participantes chegaron á meta?

66 – Na biblioteca do colexio fixéronse os seguintes préstamos de libros:

1.º curso: 8 libros

2.º curso: 7 libros

3.º curso: 9 libros

4.º curso: 10 libros

5.º curso: 12 libros

6.º curso: 15 libros.

Faltan por devolver 7 libros. Cantos libros se devolveron xa?

67 – Teño que ler un conto de 86 follas. Onte lin 12 follas e hoxe lin 18 follas. Cantas follas me quedan por ler?

68 – No concurso de recollida de pilas usadas, os nenos e nenas de 2.º A recolleron 64 quilos de pilas e os de 2.º B 67 quilos. Se os nenos e nenas de 1.º recolleron 15 quilos menos ca os de 2.º, cantos quilos de pilas recolleron os nenos e nenas de 1.º curso?

69 – No primeiro trimestre fixemos 38 problemas e no segundo trimestre fixemos 43 problemas. Se o caderno de problemas ten 100 problemas, cantos problemas temos que facer no terceiro trimestre?

70 – Os nenos e nenas de 2.º A teñen 19 estoxos, os nenos e nenas de 2.º B teñen 21 estoxos. Se o total de nenos e nenas de 2.º curso é de 46 nenos e nenas, cantos nenos e nenas non teñen estoxo?

71 – O meu pai ten 39 anos e a miña nai 35 anos; o meu avó ten 5 anos menos ca a suma dos dous. Cantos anos ten o meu avó?

72 – Teño que facer 19 sumas e 19 restas. Se fixen xa 21 contas, cantas contas me quedan por facer?

73 – Temos que recoller 100 xornais para facer un traballo de clase. Os nenos e nenas de 2.º recolleron xa 38 xornais e os nenos e nenas de 2.º B recolleron 47 xornais. Cantos xornais quedan por recoller?

74 – Hoxe faltan á clase 8 nenos e nenas de 2.º curso. Se en 2.º A hai 23 nenos e nenas e en 2.º B 24, cantos nenos e nenas de 2.º hai hoxe no colexio?

75 – Nun teatro hai 150 butacas. Dun colexio foron 63 nenos e nenas, e doutro colexio foron 75. Cantas butacas hai libres no teatro?

De multiplicar

76 – Eu teño 15 películas de debuxos animados e meu curmán di que el ten 3 veces máis. Cantas películas ten meu curmán?

77 – Se un ovo custa 8 céntimos, canto custa unha ducia?

78 – Un leñador cortou 12 carballos, pero ten que cortar 5 veces máis. Cantos carballos ten que cortar en total?

79 – Unha moto ten 2 rodas. Cantas rodas teñen 3 motos?

80 – Cada neno e nena da clase ten no seu estoxo 1 goma, 1 lapis e 1 afialapis. Se a clase ten 23 nenos e nenas, cantas cousas hai en total?

81 – Teño que facer 27 fotocopias dun conto de 4 follas. Cantas fotocopias son en total?

82 – Teño que mercar 4 botes de marmelada. Se cada bote custa 3 euros, canto teño que pagar?

83 – Os nenos e nenas de infantil precisan 2 mandilóns cada un. Se na aula hai 24 nenos e nenas, cantos mandilóns precisan?

84 – Nunha granxa hai 27 vacas. Cada vaca dá 7 litros de leite cada día. Cantos litros de leite dan nun día todas as vacas?

85 – Cada galiña pon 2 ovos diarios. Se teño 6 galiñas, cantos ovos poñen cada día?

86 – Unha ración de polbo á feira custa 6 euros, canto custan 3 racións?

87 – Cando estiven enfermo, tiven que tomar 2 culleradas de xarope ao día durante 7 días. Cantas culleradas de xarope tomei?

88 – Para o Festival de Entroido, cada rapaz ou rapaza ten que mercar 3 cartolinas de cores. Se hai 21 nenos e nenas na clase, cantas cartolinas hai que mercar?

89 – O mestre de ximnasia di que cada neno e nena ten que traer un balón, unha raqueta e unha corda. Se somos 23 nenos e nenas na clase, cantas cousas hai que traer en total?

90 – Merquei 3 entradas para o cine. Cada entrada custa 24 euros. Canto paguei polas entradas?

91 – Un aparcadoiro custa 2 euros cada hora. Se estiven 8 horas, canto paguei?

92 – Pintei un cadro con 7 cores diferentes e o meu amigo Fiz outro co dobre de cores. Cantas cores ten o cadro de Fiz?

93 – Hoxe na clase fixemos un ditado. Se cada neno e nena tivo 2 faltas de ortografía, cantas tiveron entre os 23 alumnos e alumnas da clase?

94 – Na biblioteca do colexio hai 68 dicionarios e o triplo de contos. Cantos contos hai na biblioteca do colexio?

95 – Nunha tenda merquei un lapis por 20 céntimos, unha goma por 5 céntimos, un afialapis por 17 céntimos, un boli por 26 céntimos e un estoxo polo dobre do que me custou todo o anterior. Canto me custou o estoxo?

96 – Teño 18 céntimos para mercar un libro, pero na tenda dinme que custa o dobre. Canto custa o libro?

97 – Escribe unha serie de 10 números empezando polo 1, de xeito que cada número sexa o triplo do anterior.

98 – Cada piso do colexio ten 12 portas. Se o colexio ten 5 pisos, cantas portas temos?

99 – Na clase temos 4 perchas e cada percha ten 8 ganchos. Cantos ganchos hai en total?

100 – Hoxe fixen 12 problemas e mañá teño que facer 4 veces máis. Cantos problemas teño que facer mañá?

**2.º ciclo – 1.º curso
3.º de primaria**

1 – Di cantas centenas, decenas e unidades ten o número 674 , logo escríbeo como suma de unidades.

2 – Descompón en unidades os números:

240 =

375 =

508 =

3 – Ordena de menor a maior utilizando o signo correspondente (<, >):

106 – 109 – 182 – 174 – 151 – 135 – 124

4 – Escribe o número 3 en forma de suma de 5 xeitos diferentes.

5 – Escribe 5 números que estean entre o 678 e o 690.

6 – O mestre díxolle a Roi que abra o seu libro na páxina ILX. Que número de páxina é?

7 – Escribe o ano en que naciches en números romanos.

8 – Resta os números 654 e 598. Logo faille a proba da resta para demostrar que está ben feita.

9 – Fai a seguinte suma de 3 xeitos diferentes e comproba o resultado.

$$236 + 138 + 424 =$$

10 – Ao número 435 sumáronlle outro e o resultado é 521. Cal foi o número que se lle sumou?

11 – Escribe o número formado por 2 unidades de millar, 8 centenas e 7 unidades.

12 – Escribe o número formado por 2 unidades de millar, 3 decenas e 3 unidades.

13 – Descompón en unidades os seguintes números:

$$47.675 =$$

$$21.030 =$$

14 – Escribe o número formado por 3 decenas de millar e 3 decenas.

15 – Teño que facer os seguintes pagamentos:

2 euros e 24 céntimos

3 euros e 62 céntimos

58 céntimos

5 euros e 15 céntimos.

Canto suman en total todos os pagamentos?

16 – Teño 2 quilos de patacas. Cantos gramos son?

17 – Merquei patacas fritidas e lambonadas que me custaron 2 euros e 98 céntimos. Cal sería o prezo redondeado?

18 - Nunha tenda merquei 250 gramos de azucre, 670 gramos de fariña, 80 gramos de xamón e 2 quilos de patacas. Canto peso levo?

19 – Sabemos que 1 litro de auga pesa 1quilo. Se levo dúas botellas de auga de litro e medio, cantos quilos levo?

20 – Na miña clase hai 24 alumnos e alumnas, pero soamente a metade foron de excursión. Cantos alumnos e alumnas quedaron na clase?

21 – Constrúe a táboa de multiplicar do número 6 como suma de sumandos iguais.

22 – Ordena de maior a menor:

DCC, M, LXXX, CD, IXL, XV, VIII, CCC, XXIX, MCM

23 – Nunha fábrica de conservas temos que colocar 12 latas de sardiñas en cada caixa. Se temos 144 latas, cantas caixas enchemos e cantas latas sobran?

24 – Se a distancia entre dúas vilas é de 20 quilómetros, expresa esa cantidade en metros, decímetros e centímetros.

25 – Suma 1 litro máis medio litro, máis dous cuartos de litro.

26 – Debuxa unha circunferencia de 1 cm de raio, logo debuxa un raio de cor vermella, un diámetro de cor amarela e unha secante de cor azul.

27 – Xoán ten un reloxo novo. Agora está a marcar as 5:10 a. m., que hora é?

28 – Se o teu reloxo dixital é de 24 horas, que números aparecerán na pantalla ás doce da noite?

29 – Meu irmán ten 6 anos, eu teño o dobre ca el. Miña nai ten o triplo ca min e meu pai 3 anos máis ca miña nai. Cantos anos temos entre todos?

30 – O elevador da miña casa pode elevar 300 quilos de peso. Hoxe fomos meu pai, que pesa 80 quilos, miña nai, que pesa 60 quilos, miña irmá, que pesa 40 quilos, e mais eu, que peso 30 quilos. Subimos ou non?

31 – Fun ao banco cambiar en moedas un billete de 5 euros e déronme 9 moedas. De que valores eran esas moedas?

32 – Xabier e os seus pais foron ao circo. As entradas dos nenos custaban 8 euros e as dos maiores o dobre ca as dos nenos. Canto pagaron en total?

33 – Un gandeiro vendeu 6 galiñas a 20 euros cada unha e 1 ovella polo triplo de todas as galiñas. Canto diñeiro obtivo pola venda dos animais?

34 – Alberte reparte 100 caramelos entre os 24 nenos e nenas da clase. Cantos caramelos lle dá a cada un e cantos lle sobran?

35 – Teño unha caixa de 80 chinchetas para colocar carteis no corredor do colexio. Se cada cartel leva 4 chinchetas e teño 20 carteis, cantas chinchetas sobran?

**36 – Vou á tenda facer a seguinte compra:
8 cartóns de leite a 70 céntimos cada un
2 quilos de laranxas a 95 céntimos cada quilo
12 iogures a 20 céntimos cada un.
Se levo 10 euros, canto me sobra?**

37 – Na biblioteca da aula hai 37 libros para repartir entre 3 andeis. Cantos libros teño que poñer en cada andel? Cantos sobran?

38 – Fun a Correos mercar 3 selos: un de 29 céntimos, outro de 57 céntimos e outro de 14 céntimos. Canto paguei?

39 – Teño 50 ovos. Cantas ducias son? Sobra algún ovo?

40 – Xaime quere mercar un conto que custa o duplo ca un pastel de 80 céntimos, máis un xeado que custa un euro e medio. Canto custa o conto?

41 – Pola metade do que custan uns zapatos, podo mercar un xersei de 15 euros. Canto custan os zapatos?

42 – Merquei 250 gramos de xamón que me custaron 3 euros. Canto custa un quilo de xamón?

43 – Con 20 euros que tiña fun ao cine, merquei flocos de millo e un refresco. Cando cheguei á casa, tiña 3 euros e 24 céntimos. Canto gastei?

44 – O autobús escolar sae do colexio con 56 nenos e nenas. Na primeira parada baixa unha cuarta parte deles. Na segunda parada baixa a metade dos que quedaban. Cantos nenos e nenas viaxan agora no autobús?

45 – Polas festas do Nadal, Antón e Antía recibiron os seguintes cartos:

Da madriña, 83 euros

Do padriño, 91 euros

Dos avós, 150 euros.

Se reparten a partes iguais, canto recibe cada un?

46 – Teño que repartir os seguintes pesos en dúas bolsas: 5 quilos de laranxas, 3 quilos de fariña e 2 quilos de amorodos. Canto peso poño en cada bolsa?

47 – Ao final do día entre 3 taxistas percorreron 369 quilómetros. Cantos quilómetros percorreu cada un?

48 – Dividindo 620 entre un número dá de resultado 155. Cal é ese número?

49 – Mandaron ao colexio 40 ordenadores novos, que se repartiron entre 18 clases. Cantos ordenadores tocan por clase? Sobra algún ordenador? Cantos?

50 – Os 235 nenos e nenas que comen no comedor escolar distribuíronse en mesas de 6. Cantas mesas se ocupan? Queda algún neno ou nena sen sentar?

51 – Tres mariñeiros reparten a seguinte pesca dun día:

5 caixas de pescada

7 caixas de xurelo

**3 caixas de sardiñas
6 caixas de ollomol.
Cantas caixas leva cada mariñeiro?**

52 – Temos que repartir 268 pasaxeiros entre 4 vagóns dun tren. Cantos viaxeiros van en cada vagón?

53 – O meu aniversario é o 4 de xullo. Se hoxe é 3 de maio, cantos días faltan para o meu aniversario?

54 – O mes de marzo comezou un xoves e rematou un sábado. Se non hai ningún día festivo, cantos días fun ao colexio?

55 – Teño 5 horas de clase cada día. Se non hai ningún festivo, cantas horas de clase teño á semana?

56 – Se o recreo dura 30 minutos, cantas horas son 4 recreos?

**57 – Suma:
20 minutos
un cuarto de hora
120 segundos
60 segundos
13 minutos
240 segundos
10 minutos.
Expresa o resultado en horas.**

58 – Faltan 2 semanas e 3 días para as vacacións. Cantos días faltan?

59 – Nun reloxo de agullas, a pequena marca as 11 e a grande as 4. Que hora é? Podemos saber se da mañá ou da noite?

60 – Merquei un estoxo por 3 euros e 35 céntimos, 1 caderno por 1 euro e 35 céntimos, e 1 goma de borrar por 30 céntimos. Se paguei cun só billete, de que valor era?

61 – Suma:

2 euros e 5 céntimos

1 euro e 22 céntimos

4 euros e 68 céntimos.

62 – Une:

2 días 300 segundos

1 ano 180 minutos

1 mes 4 semanas

3 horas 12 meses

5 minutos 48 horas

63 – Varios nenos e nenas da clase mediron os seus lapis e estes foron os resultados:

14 centímetros

13 centímetros

17 centímetros

60 milímetros

Canto suman todos os lapis xuntos?

64 – O diámetro dun disco é de 15 centímetros e un lapis mide 1 decímetro e 3 centímetros. Cal é o máis longo?

65 – Tres nenos mediron o alto da porta da clase, estes foron os resultados:

David: 2 metros e 25 centímetros

Alicia: 22 decímetros e 5 centímetros

Irene: 225 centímetros.

Cal dos tres mediu correctamente?

66 – Queremos saber cal é o obxecto máis longo da clase:

Regra: 150 centímetros

Encerado: 1 metro, 3 decímetros e 8 centímetros

Mesa de nenos/as: 175 centímetros

Taboleiro de cortiza: 20 decímetros e 38 centímetros.

Cal é o obxecto máis longo?

67 – A distancia entre a vila A e a vila B é de 20 quilómetros. A distancia entre a vila B e a vila C é a metade da distancia anterior. A distancia entre a vila C e a vila D é o triplo da distancia que hai entre a vila B e a vila C.

Cal é a distancia entre a vila A e a vila D?

68 – Suma as seguintes cantidades e dá o resultado en centímetros:

2 quilómetros

13 metros

25 decímetros.

69 – Os rapaces e rapazas de 3.º fixeron un concurso de saltos de lonxitude.

Táboa de resultados:

Álvaro: 3 metros

Rubén: 299 centímetros

Carlos: 28 decímetros

Iris: 20 decímetros e 50 centímetros

Andrea: 302 centímetros.

Quen gañou o concurso?

70 – Suma os seguintes tempos e indica o resultado en segundos:

Media hora

Un cuarto de hora

12 minutos

38 segundos.

71 – Quero cambiar todas as miñas moedas por 1 billete de 10 euros:

8 moedas de 1 céntimo

10 moedas de 2 céntimos

5 moedas de 5 céntimos

2 moedas de 10 céntimos

7 moedas de 20 céntimos
5 moedas de 50 céntimos
1 moeda de 1 euro
1 moeda de 2 euros.
É posible? Canto me falta?

72 – Estas son as medidas das alturas de varios nenos e nenas da clase:

Andrea: 1 metro e 26 centímetros

Diego: 1 metro e 33 centímetros

Paula : 1 metro e 18 centímetros

Alba: 1 metro e 23 centímetros.

Canto suman entre todos? Expresa o resultado en decímetros.

73 – Para ir da miña casa á escola teño que andar 350 metros ata a parada do autobús, logo viaxo 1 quilómetro e medio, e despois ando 50 metros ata a porta de entrada. A que distancia está o colexio da miña casa?

74 – Teño que repartir 1 litro de leite entre 4 cuncas. Canto leite boto en cada cunca?

75 – Quero encher una xerra de 2 litros cun vaso que ten 20 centilitros de capacidade. Cantos vasos teño que botar?

76 – Ao almorzo tomei 25 centilitros de leite, ao mediodía bebín medio litro de auga, á merenda bebín 1 zume de 15 centilitros e á cea bebín un cuarto de litro de auga. Canto líquido bebín?

77 – Para encher un pío precisei botar 15 baldes de 10 litros de auga. Que capacidade ten o pío?

78 – Dunha botella de litro e medio de leite bebín 3 cuartos de litro. Canto leite queda na botella?

79 – Na cociña da miña casa temos 1 bidón de 5 litros de aceite, 6 botellas de litro e medio de auga, 12 cartóns de 1 litro de leite. Cantos litros de líquido temos na cociña?

80 – Cando estiven enfermo tiña que tomar 2 culleradas de xarope cada día. Cada culler tiña 2 centilitros de capacidade e a botella tiña 25 centilitros. Se tomei xarope durante unha semana, canto xarope tomei? Canto queda na botella?

81 – Reparte un litro de catro formas diferentes.

82 – Se o ano 2004 foi bisesto, escribe todos os anos bisestos do século XXI.

83 – Unha caixa de 5 quilos de peso contén 10 bolsas de café. Canto pesa cada bolsa de café?

84 – Dous quilos de laranxas custan 8 euros. Canto custa cuarto quilo de laranxas?

85 – Teño que repartir 1 litro de auga en tres cuncas. Como podo facer?

86 – Canto pesa esta lista da compra?

250 gramos de xamón

Medio quilo de queixo

Cuarto quilo de marmelo

300 gramos de peixe

400 gramos de carne

**150 gramos de chourizo
150 gramos de salchichas.
Indica o resultado en quilos.**

87 – Na miña rúa hai un farol cada 25 metros de beirarrúa. Se a miña rúa mide 150 metros, cantas farois hai entre as dúas beirarrúas?

88 – Un aparcadoiro mide 249 metros de longo. Se cada 3 metros entra un coche, cantos coches caben?

89 – No meu edificio viven 11 familias e cada familia bota unha bolsa de lixo cada día no colector. Se cada bolsa pesa quilo e medio, cantos quilos de lixo botamos entre todos?

90 – Un camión de gando leva 25 ovellas. Se cada ovella pesa 12 quilos, cantos quilos pesan entre todas?

91 – Debuxa 4 horas nun reloxo de agullas, de xeito que sempre formen ángulo recto.

92 – Son as 6 e 20 minutos nun reloxo. Como se chama o ángulo que forman as agullas?

93 – O ángulo formado polas agullas dun reloxo ás 4 menos 5, como se chama?

**94 – Fai 5 números máis da seguinte serie:
0 – 1 – 1 – 2 – 3 – 5 – 8 –**

95 – Debuxa un hexágono de 6 centímetros de lado. Canto suman todos os seus lados?

96 – Os lados dun triángulo miden 30 centímetros. Se un lado mide 5 centímetros e outro 10 centímetros, canto mide o terceiro?

97 – Fai a seguinte conta:

Divide 10 entre 2, súmalle 3 ao resultado e volve dividir entre 2, logo multiplica por 4 e volve dividir ente 2. Que número sae?

98 – Polo meu aniversario recibín os seguintes cartos:

10 euros e 15 céntimos

2 euros e 96 céntimos

7 euros e 38 céntimos

1 euro e 51 céntimos.

Se aforro no banco a metade, canto me queda?

99 – Resumo dos tempos das miñas actividades diarias:

Escola: 5 horas

Comida: 2 horas

Estudo: 1 hora

Durmir: 10 horas.

Cantas horas teño libres ao día?

100 – Puntos obtidos nunha partida de birlos:

Carme: 8 puntos

Irene: duplo de Carme

Xulia: metade de Irene

Roi: triplo de Irene.

Cantos puntos suman entre todos?

2.º ciclo – 2.º curso
4.º de primaria

1 – Este mes chegaron á lonxa 10.629 caixas con pescada, 11.765 caixas con ollomoles e 13.324 caixas de sardiñas. Cantas caixas de peixe chegaron á lonxa?

2 – Os nenos e nenas de cuarto curso están a facer unha colección de revistas escolares de Galicia. Ata agora conseguiron 15.650 revistas, pero neste curso chegaronlles 2.768 revistas máis. Cantas revistas teñen agora?

3 – Nunha gasoleira recibiron os seguintes litros de combustible:

Gasolina normal: 23.768 litros

Gasolina súper: 12.789 litros

Gasóleo: 87.543 litros

Cantos litros recibiron en total?

4 – Ao noso colexio chegaron os seguintes libros para repartilos por cursos:

1.º curso: 2.789 libros

2.º curso: 1.345 libros

3.º curso: 3.654 libros

4.º curso: 4.432 libros

5.º curso: 1.654 libros

6.º curso: 2.691 libros.

Por erro houbo que devolver os seguintes libros:

1.º curso: 235 libros

2.º curso: 897 libros

3.º curso : 659 libros

4.º curso: 401 libros

5.º curso: 189 libros

6.º curso: 765 libros.

Cantos libros quedaron ao final no colexio?

5 – O primeiro ano bisesto do século XXI foi o 2004. Cal é o terceiro ano bisesto do século XXI?

6 – Coas seguintes cifras, escribe 5 números ordenados de maior a menor.

5 0 8 3 6

7 – Polas rúas da nosa cidade circulan cada día 29.786 coches e 13.432 motos. Cantos vehículos circulan en total?

8 – Fai a descomposición factorial dos seguintes números:

3.765.908

1.045.398

9 – Escribe con letra os seguintes números:

6.729.800

4.098.321

10 – Achega á centena máis próxima os seguintes números:

2.398 – 403 – 1.501 – 599 – 3.634 – 6.897 – 5.001

11 – Un autobús consome 12 litros cada 100 quilómetros de percorrido, pero soamente anda 25 quilómetros. Se viaxan 46 persoas e cada unha paga 3 euros pola viaxe, canto recada o condutor?

12 – Nun barco de pesca van 6 mariñeiros e mais o patrón. Se hoxe pescan 38 pescadas e as venden a 9 euros cada unha, cantos cartos recadan?

13 – No meu colexio hai 6 clases de 25 nenos/as cada unha. Cantos alumnos/as hai?

14 – Preciso mercar 23 selos de 8 céntimos. Canto me custan?

15 – No meu álbum peguei 15 cromos en cada páxina. Se teño 6 páxinas cheas, cantos cromos teño?

16 – Anxo mercou unha empanadilla por 85 céntimos de euro, unha barra de pan por 75 céntimos e unha goma de mascar por 12 céntimos. Canto pagou en total?

17 – Nunha central leiteira envasan cada día 235.615 litros de leite. Se lles venden 3 decenas de millar a un almacén e 2 centenas de millar a un supermercado, cantos litros lle sobran?

18 – Unha fábrica de conservas fabrica cada mes 5 centenas de millar de latas de atún, 3 centenas de millar de latas de mexillón e 7 decenas de millar de latas de sardiñas. Cantas latas envasan ao cabo dun mes?

19 – Temos que encher os depósitos de gasóleo de varios edificios. No primeiro botamos 17.623 litros, no segundo 15.634 litros e no último 24.205 litros. Cantos litros botamos en total?

20 – Pola mañá chegan cedo para traballar na vila 12.615 persoas en coche, 10.207 persoas en autobús e 13.906 en tren. Cantas persoas chegan para traballar na vila?

21 – Merquei 3 bólas de cada unha das seguintes cores: azul, verde, vermella, amarela e branca. Cantas bólas merquei en total?

22 – Preciso mercar 25 contos para os nenos e nenas da miña clase. Cada conto custa 9 euros, canto teño que pagar?

23 – Merquei unha ducia de gomas de mascar a 3 céntimos cada unha. Canto paguei?

24 – O venres ás 10 da mañá realizamos unha competición deportiva entre os nenos e nenas do colexio. Estes foron os puntos acadados:

Equipo amarelo: 283 puntos

Equipo vermello: 5 veces os puntos do equipo anterior

Equipo branco: 3 veces os puntos do equipo amarelo.

Cantos puntos obtiveron en total entre os 3 equipos?

25 – Xoán e María queren mercar unha bolsa de lambetadas que custa 3 euros. Xoán ten 1 euro e 75 céntimos, e María ten 1 euro e 40 céntimos. Canto diñeiro lles sobra ou lles falta?

26 – Na cociña do colexio entraron hoxe os seguintes produtos:

5 quilos e 800 gramos de azucre

4 quilos e medio de fariña

1 quilo e 200 gramos de manteiga.

Cal é o peso total de todos estes produtos?

27 – Se un día ten 24 horas, cantas horas ten un ano bisesto?

28 – Na nosa escola fixemos murais coa historia da nosa familia. Cada neno/a trouxo 3 fotos e en total fixéronse 25 murais. Se cada mural ten 15 fotos, cantos nenos e nenas hai na escola?

29 – A suma dos habitantes de 3 vilas é de 26.723 persoas. Unha aldea ten 8.762 habitantes e outra o duplo. Cantos ten a terceira vila?

30 – Escribe o número 9.630 en forma de produto de dous números de tres formas diferentes.

31 – Os 25 nenos e nenas de 4.º de primaria queren facer equipos de 3 nenos e nenas para realizar un traballo de clase. Sobra algún?

32 – Nunha obra utilízanse 675 sacos de cemento e 1.223 sacos de area cada día. Se se traballa 5 días cada semana, cantos sacos de area e cemento se gastan en catro semanas?

33 – No aniversario de Xurxo repartíronse 25 doces entre 4 amigos. Cantos doces lle tocan a cada un? Sobra algún doce?

34 – Teño que repartir 2 quilos de azucre entre 4 azucreiros. Cantos gramos poño en cada azucreiro?

35 – Antía bebe un cuarto de litro de leite cada día. Canto leite bebe nunha semana?

36 – Hoxe chegaron á biblioteca do colexio 2.375 libros para repartir entre 5 mobles. Cantos libros poño en cada moble?

37 – Nunha festa repartíronse 25 bombóns entre varios nenos e non sobrou ningún. Cantos nenos eran?

38 – Iria repartiú 219 cromos, a partes iguais, en varias caixas, de xeito que non sobrou ningún. Cantas caixas usou?

39 – Un panadeiro reparte 100 barras de pan en 3 andeis a partes iguais. Cantas barras pon en cada andel? Sobra algunha?

40 – Unha caixa de galletas ten 24 galletas. Se cada galleta custa 12 céntimos, canto custa a caixa?

41 – Cantas caixas de ovos dunha ducia se poden encher con 144 ovos?

42 – Un grupo de nenos e nenas do colexio foron visitar o zoo:

4.º curso: 47 alumnos/as

5.º curso: 45 alumnos/as

6.º curso: 50 alumnos/as.

Logo fixeron grupos de 12. Cantos grupos fixeron?

Os/As alumnos/as sobrantes foron noutro grupo con 3 mestras. Cantas persoas van nese grupo?

43 – Paguei con 20 euros a compra dun estoxo e devolvéronme 7 euros e 37 céntimos. Canto me custou o estoxo?

44 – A cuarta parte dunha torta custa 1 euro e 25 céntimos. Canto custa a torta completa?

45 – Se teño oito madalenas e como a metade delas, cantas me quedan?

46 – Con 128 litros de auga encho un terzo dun depósito. Cantos litros ten o depósito?

47 – Nunha torta fago 8 cachos iguais. Se como dous anacos, como podo escribilo en forma de fracción?

48 – O corredor do colexio ten 12 portas, un cuarto son verdes e un terzo son azuis. Cantas son vermellas?

49 – Entre eu e meu curmán repartímonos a partes iguais 6 tacos de plastilina. Escribe en forma de fracción o que nos correspondeu a cada un.

50 – Dunha bolsa de caramelos collín $\frac{4}{8}$ e o meu amigo Brais $\frac{5}{25}$. Quen colleu máis caramelos?

51 – Das 12 fiestras do corredor do colexio, 7 están pechadas e 5 abertas. Escribe estes datos en forma de fracción.

52 – Das 61 follas da nosa revista, 25 van a cores e o resto en branco e negro. Escribe estes datos en forma de fracción.

53 – No meu colexio temos 5 mestres e 24 mestras. Escribeo en forma de fracción.

54 – Escribe fraccións diferentes, pero que sexan iguais á unidade.

55 – Vou repartir 15 libros entre 3 andeis. No primeiro andel poño 7 libros, no segundo andel poño 5 libros e no terceiro 3 libros. Escribe en forma de fracción os libros que poño en cada andel e di se sobra algún libro.

56 – Unha bandexa con 24 pasteis custa 72 euros. Canto pagarei por $\frac{3}{6}$ de pasteis desa bandexa?

57 – Dos 398 nenos e nenas que saíron ao recreo hoxe, $\frac{4}{8}$ xogaron ao fútbol, $\frac{2}{4}$ xogaron ao baloncesto e o resto das nenas e nenos xogou a pillar.

Cantos nenos e nenas xogaron a cada cousa?

Cantos nenos e nenas xogaron a pillar?

58 – Dos 25 alumnos e alumnas da nosa clase, $\frac{3}{5}$ son nenos. Cantas nenas hai na nosa clase?

59 – Estou a ler un conto que ten 750 follas. Se xa lin os $\frac{2}{5}$ do libro, cantas follas me faltan por ler?

60 – Teño catarro e o médico mandoume tomar 25 pastillas. Se xa tomei $\frac{1}{5}$, cantas pastillas me quedan por tomar?

61 – Teño que subir as escaleiras ata un terceiro andar e xa vou polo segundo andar. Escribe en forma de fracción o que levo subido e o que me falta por subir.

62 – Quero mercar un libro que custa 25 euros, pero soamente teño $\frac{2}{5}$ deses cartos. Canto diñeiro me falta?

63 – Escribe os seguintes números decimais en forma de fracción:

0,02 – 0,37 – 0,1 – 0,065 – 0,12

**64 – Escribe as seguintes fraccións en forma de números decimais:
 $2/1.000 - 38/100 - 27/10 - 97/100 - 3/10$**

65 – Nunha librería fixen as seguintes compras:

1 estoxo: 20,36 euros

1 caderno: 1,57 euros

1 goma: 0,65 euros.

Canto paguei por todo?

**66 – Onte acadamos unha temperatura de 27,8 °C e hoxe non pasamos dos 22,3 °C.
Cal é a diferenza de temperatura entre onte e hoxe?**

**67 – O prezo das entradas do cinema son de 1 euro e 50 céntimos para os nenos e
nenas, e de 2 euros e 30 céntimos para os adultos. Hoxe fomos ao cinema meu pai,
miña nai e mais eu, canto pagamos polas entradas?**

**68 – A temperatura da aula é de 23,05 °C e a temperatura da rúa é de 20 °C. Cal é
a diferenza de temperatura entre a aula e a rúa?**

**69 – Hoxe fun con meu pai facer a compra do súper. Meu pai pagou cun billete de
50 euros e a caixeira devolveulle un billete de 5 euros, unha moeda de 1 euro e
outra de 50 céntimos. Canto lle custou a compra a meu pai?**

70 – Xulia di que ten 120 meses. Cantos anos son?

71 – O meu avó di que ten 6 décadas. Cantos anos son?

72 – Cantos días hai en 4 anos?

73 – Enma, Margarida e Noa fan un percorrido en bicicleta. Estes son os tempos que tardaron:

Enma: 1 hora, 25 minutos e 36 segundos

Margarida: 1 hora, 24 minutos e 50 segundos

Noa: 1 hora, 26 minutos e 10 segundos.

Canto tempo tardaron entre as 3 amigas?

74 – Fixen 3 exercicios de Matemáticas en 27 minutos. Cantos segundos son?

75 – O autobús escolar tarda 1 hora e 12 minutos en facer o percorrido da mañá e 58 minutos en facer o percorrido da tarde. Cantas horas e minutos viaxa o autobús?

76 – O coche do meu pai pesa tonelada e media. Cantos quilos pesa?

77 – Merquei 4 bolsas de cuarto quilo de fabas, cantos quilos son?

78 – Fixen as seguintes compras e quero saber o que pesan:

Cuarto quilo de queixo

Cinco quilos de laranxas

Medio quilo de mel

Cuarto quilo de limóns.

Que peso levo na bolsa?

79 – Un cartón de zume ten 100 centilitros de capacidade. Cantos litros son?

80 – Suma: 1 litro, medio litro, un cuarto de litro, 2 decilitros e 5 centilitros.

81 – Teño que repartir 1 botella de auga de litro e medio entre 5 vasos. Que cantidade de auga boto en cada vaso?

82 – Anxo ten tose e o seu médico receiptoulle 5 centilitros de xarope cada día. Se o frasco de xarope ten un cuarto de litro, cantos días ten que tomar xarope?

83 – Teño que repartir en 6 anacos unha barra de pan de 60 centímetros. Canto medirá cada cacho?

84 – Pedro mide o longo da súa clase e di que mide 3 metros, 3 decímetros e 8 centímetros, pero o seu mestre díxolle que mide 338 centímetros. Quen ten razón?

85 – Enma érguese ás 8 e media da mañá. Tarda 10 minutos en facer a súa cama, un cuarto de hora en asearse e outro cuarto de hora en almorzar, logo vai andando 20 minutos ata a escola. A que hora chega á escola?

**86 – Expresa en minutos a seguinte suma:
3 cuartos de hora máis media hora.**

87 – Vin unha película de DVD que durou 90 minutos. Se comezou ás 5 e media do serán, a que hora rematou?

88 – Ao baleirar o meu peto atopeime coas seguintes moedas:

7 moedas de 2 euros

5 moedas de 1 euro

12 moedas de 50 céntimos

10 moedas de 20 céntimos

15 moedas de 10 céntimos

8 moedas de 5 céntimos

14 moedas de 2 céntimos

82 moedas de 1 céntimo.

Cantos euros son?

89 – A bici de Roi pesa 8 quilos e o coche de pedais de Diego pesa 10.000 gramos. Cal das dúas cousas pesa máis?

90 – O quilo de azucre custa 1 euro, canto custa cuarto quilo?

91 – Completa estas igualdades:

Medio litro= centilitros

3 cuartos de litro= decilitros

20 decilitros= litros

100 centílitros= litros.

92 – Ordena estas cantidades de maior a menor:

1 quilómetro – 2.500 metros – 180 hectómetros – 16.000 centímetros.

93 – Un triángulo isóscele ten de perímetro 30 centímetros. Sabendo que un dos seus lados mide 6 centímetros, canto miden os outros?

94 – Calcula o perímetro dun terreo que ten forma rectangular e mide 25 metros de longo e 500 centímetros de largo.

95 – Un hexágono regular ten de perímetro 2 metros e 40 centímetros. Canto mide cada lado?

96 – As agullas do reloxo de Carme forman un ángulo recto. Que hora pode ser? Escribe polo menos dúas respostas.

97 – Teño que facer unha copia que ten 28 liñas. Se tardo 20 segundos en copiar unha liña, canto tardo en facer a copia?

98 – A miña rúa ten 1 quilómetro de longa. Se cada 50 metros se pon unha papeleira, cantas papeleiras se poñen?

99 – Nun contedor de vidro botáronse 2.850 botellas, pero soamente se puideron reciclar $\frac{2}{5}$ delas. Cantas botellas se reciclaron?

100 – Merquei na tenda 1 quilo de laranxas, medio quilo de plátanos, 200 gramos de xamón, 300 gramos de chourizo e un queixo. Se toda a compra pesa 2 quilos e medio, canto pesa o queixo?

3.º ciclo – 1.º curso
5.º de educación primaria

1 – Une:

| | |
|-----------------|--------------|
| DIV | 2.765 |
| MDCCLXV | 371 |
| CCCLXXI | 284 |
| CCLXXXIV | 504 |

2 – Con estas cifras romanas X – L – V, escribe o maior e o menor número que poidas.

3 – Tres albaneis levan 3 carretillas con tellas. O primeiro leva 53 tellas, o segundo 20 tellas menos ca o primeiro e o terceiro 12 tellas máis ca o segundo. Cantas tellas levan entre os 3 albaneis?

4 – Xoán ten 3 anos máis ca Anxo, Anxo ten o duplo de anos ca Brais e Brais ten o triplo de anos ca o seu curmán Martiño. Se Martiño ten 4 anos, cantos anos ten Xoán?

5 – O director do noso colexio mercou 20 lapis a 20 céntimos cada lapis e 20 gomas a 5 céntimos cada goma. Canto pagou en total?

6 – Na biblioteca do colexio hai 2.768 libros repartidos do seguinte xeito:

287 libros de teatro

167 novelas

468 contos para nenos

155 revistas escolares

268 dicionarios

356 libros de deportes

286 libros de xeografía

321 libros de historia.

O resto son libros de natureza. Cantos libros de natureza hai na biblioteca?

7 – Repartín cromos a partes iguais entre 6 amigos. A cadaquén deille 12 cromos e aínda me sobraron 5, cantos cromos repartín?

8 – Cada día leo 4 follas do meu libro de contos, xa levo lendo 27 días, pero aínda me faltan 3 follas para rematar. Cantas follas ten o meu libro de contos?

9 – Na granxa de Catuxa recollen ovos todo os días. Hoxe recolleron 725 ovos. Cantas ducias son? Sobra algún ovo?

10 – Os 23 nenos e nenas de 5.º curso trouxeron 4 fotos cada un para facer un mural, pero a mestra díxolles que soamente caben 75 fotos. Cantas fotos sobran?

11 – Un panadeiro fixo 2.760 bolos de pan que reparte entre 75 canastras a partes iguais. Cantos bolos sobran?

12 – A recadación dun condutor de autobús ao final do día foi de 41 euros e 40 céntimos. Se cada billete custa 45 céntimos, cantas persoas viaxaron hoxe no autobús?

13 – Nunha festa de aniversario quérense repartir 86 bolsas de lambetadas entre 12 nenos e nenas sen que sobre ningunha, é posible?

14 – Ordena estas fraccións de maior a menor:

$\frac{3}{6}$, $\frac{3}{7}$, $\frac{3}{8}$, $\frac{3}{12}$, $\frac{3}{5}$, $\frac{3}{3}$

15 – Reparto 144 lentellas a partes iguais entre 8 pratos; cantas lentellas poño en cada prato? Expressa logo o resultado en forma de fracción.

16 – Escribe 3 fraccións equivalentes a $\frac{6}{8}$.

17 – No aniversario de Antía, Bieito toma $\frac{3}{8}$ de torta de chocolate. Xoán outros $\frac{3}{8}$ e Antía o resto.

En cantos anacos se repartiu a torta?

Que porción de torta tomou Antía?

18 – Divido unha pizza en 8 partes iguais. Breixo comeu $\frac{2}{8}$ e súa irmá Carme $\frac{2}{4}$ da pizza. Cal dos dous comeu máis pizza?

19 – No quiosco de Xaquín véndese na primeira semana de cada mes $\frac{1}{5}$ do total das revistas que se venden ao longo do mes. Se cada mes se venden 400 revistas, cantas revistas se venden na primeira semana?

20 – Luís sae da casa con 50 euros, gasta $\frac{2}{5}$ dos cartos no cinema e $\frac{1}{4}$ na merenda. Con cantos cartos volve á casa?

21 – Medimos a 5 nenos da clase para ordenalos por estaturas e estes foron os resultados:

Paulo: 1,62 metros

Antón: 1,67 metros

Iago: 1,607 metros

Manuel: 1,618 metros

David: 1,658 metros.

Ordena os rapaces pola súa estatura de maior a menor.

22 – No colexio fixeron unha campaña de recollida de pilas usadas cos seguintes resultados:

1.º - 2,35 quilos

2.º - 1,676 quilos

3.º - 3,04 quilos

4.º - 2,63 quilos

5.º - 4,01 quilos

6.º - 3,211 quilos.

Cantos quilos de pilas usadas se recolleron en total?

23 – Merquei un paquete de bolis por 1,6 euros, pero cando ía pagar faltábanme 13 céntimos. Cantos cartos tiña no peto?

24 – Escribe en forma de fracción:

2,385 – 4,76 – 1,007 – 6,021

25 – Na librería do meu barrio merquei os seguintes obxectos:

Un lapis, por 30 céntimos

Cartolina, por 15 céntimos

Un conto, por 3 euros e 7 céntimos

Unha caixa de cores, por 2 euros e 343 céntimos

Unha goma de borrar, por 15 céntimos.

Canto paguei en total?

26 – Merquei unha barra de pan por 75 céntimos. Se pago cunha moeda de 2 euros, cantos céntimos me devolven?

27 – O prezo das entradas do circo é de 18,75 euros cada unha. Se merco 4 entradas, canto teño que pagar?

28 – Para ir da miña casa á escola, teño que facer unha viaxe en autobús de 4,38 quilómetros e logo percorro a pé 0,645 quilómetros. Cantos quilómetros percorro entre a viaxe de ida e a de volta á miña casa?

29 – Hoxe na clase temos unha temperatura de 22,38 °C e na rúa temos unha temperatura de 18,14 °C. Cal é a diferenza de temperatura entre a nosa clase e a rúa?

30 – Na miña horta collín 123,789 quilos de pementos e o ano pasado collín 34,067 quilos menos. Cantos quilos de pementos collín o ano pasado?

31 – A suma de tres números é 23,543. Se un dos números é o 12,098 e o outro é 7,86. Cal é o terceiro?

32 – Merquei no súper 2 quilos de azucre a 0,9 euros o quilo, 3 quilos de fariña a 0,34 euros o quilo e un quilo de fideos a 1,06 euros o quilo. Canto paguei por todo?

**33 – O peso máximo que pode levar o elevador da miña casa é de 300 quilos. Quérense subir ao elevador as seguintes persoas:
Miguel que pesa 76,89 quilos, Xoán cun peso de 77,76 quilos e Rafael que pesa 75,023 quilos. Poden ou non?**

34 – Para facer unha sobremesa, preciso pesar os seguintes ingredientes:

Azucre: 0,234 quilos

Fariña: 0,132 quilos

Sal: 0,089 quilos

Zume de limón: 0,65 quilos.

Poden xuntalo todo nunha balanza que soamente pesa ata un quilo?

35 – Teño que enmarcar o meu diploma de fin de curso nun marco que ten 1,12 metros de longo e 0,78 metros de largo. Se o prezo do metro é de 3 euros, canto teño que pagar en total?

36 – Unha empresa que constrúe unha nova estrada asfalta 3,568 quilómetros cada día. Cantos quilómetros asfalta en 5 días?

37 – Nunha tenda de electrodomésticos vendéronse no último mes 24 lavadoras, 15 conxeladores, 16 frigoríficos, 36 televisores e 14 reprodutores de DVD. Cantos electrodomésticos se venderon en total?

Cal é a media de electrodomésticos vendidos?

Cal é o electrodoméstico que máis se acerca á media?

Cal é o electrodoméstico que máis se afasta da media?

38 – Os nenos e nenas de 5.º curso fixeron unha toma de temperaturas do interior da aula e da porta do colexio ao longo dunha semana.

Estes foron os resultados obtidos:

Luns: 22 °C no interior, 13 °C no exterior

Martes: 23 °C no interior, 16 °C no exterior

Mércores: 22 °C no interior, 12 °C no exterior

Xoves: 25 °C no interior, 15 °C no exterior

Venres: 24 °C no interior, 14 °C no exterior.

Cal é a media da temperatura interior?

Cal é a media da temperatura exterior?

Cal é o día que máis se aproxima á temperatura media interior?

Cal é a día que máis se aproxima á temperatura media exterior?

39 – Ao longo dos dez meses do curso escolar, os 25 alumnos/as de 5.º curso tiveron as seguintes faltas de asistencia:

Setembro: 2 faltas

Outubro: 8 faltas

Novembro: 10 faltas

Decembro: 7 faltas

Xaneiro: 11 faltas

Febreiro: 15 faltas

Marzo: 15 faltas

Abril: 10 faltas

Maio: 8 faltas

Xuño: 3 faltas

Cal foi a media de faltas ao longo do curso escolar?

Cal foi o mes que máis se aproximou á media de faltas?

Cal foi o mes que máis se afastou da media das faltas?

40 – Cantos milímetros ten un decímetro?

41 – David fixo un percorrido en coche de Santiago de Compostela a Lalín de 55 quilómetros. Logo seguiu viaxe ata Ourense coa mesma distancia ca a anterior e, ao final, volveu a Santiago de Compostela. Cantos quilómetros percorreu David?

42 – Iria di que vive a 2,6 quilómetros do colexio. A cantos metros do colexio vive Iria?

43 – Cando naceu, Antía medía 37 centímetros e agora que ten 8 anos di que mide 1,49 metros. Cal é a diferenza en centímetros desde que naceu ata hoxe?

**44 – Di que unidades de medir utilizarías nos seguintes casos:
Para medir a distancia entre Santiago de Compostela e A Coruña.
Para medir o longo da clase.
Para medir o longo do teu lapis.
Para medir o longo do teu afialapis.**

45 – A procesionaria do piñeiro mide 2,5 centímetros de longo. Se vemos unha ringleira de 80 procesionarias, cantos metros son?

**46 – Expresa as seguintes lonxitudes en centímetros:
1 quilómetro, 7 hectómetros e 67 metros
2 hectómetros, 2 decámetros e 11 decímetros
13 metros e 15 decímetros
1 hectómetro e 15 centímetros.**

47 – Camiñando por unha rúa atopeime cos seguintes indicadores:

Museo do Pobo Galego, 1,2 quilómetros

Museo do Pobo Galego, 1.200 metros

Museo do Pobo Galego, 1 quilómetro e 200 metros.

Cal é o indicador correcto?

48 – Ordena as seguintes lonxitudes de maior a menor:

800 centímetros – 1 quilómetro – 20 decímetros – 6.000 milímetros – 12 decámetros

49 – Xurxo leva camiñado unha quinta parte do seu percorrido. Se ten que andar 100 quilómetros, canto lle queda por andar?

50 – Teño que percorrer unha distancia de 72 quilómetros e xa levo percorridos 20 hectómetros, 40 decámetros e 600 metros. Canto camiño me queda por percorrer?

51 – Reparto unha botella de auga mineral de litro e medio en 5 vasos a partes iguais. Que capacidade ten cada vaso?

52 – Encho unha xerra de leite con vasos que teñen as seguintes capacidades:

Vaso A: 250 mililitros

Vaso B: 4 decilitros

Vaso C: 10 centilitros.

Cal é a capacidade da xerra?

53 – O biberón da miña nena ten unha capacidade de 250 mililitros. Se a nena soamente tomou a metade do biberón, canto líquido tomou?

54 – Un camión alxibe cunha capacidade de 5.000 litros vai repartindo gasóleo polas casas. Na primeira casa deixa 1 quilolitro e 5 hectolitros, na segunda casa

deixa 2 quilolitros e 70 decalitros. Canto gasóleo queda no alxibe despois de completar o repartimento?

55 – Teño que poñer ao lume unha pota con 1 decalitro e 500 mililitros de auga. Cantos litros de auga son?

56 – A capacidade dunha culler é de 20 mililitros. Se no prato de caldo teño 25 centilitros, cantas veces teño que levar á boca a culler para rematar o caldo?

57 – A miña piscina ten unha capacidade de 75.000 litros. Cantos quilolitros son?

**58 - Para facer unha sobremesa, teño que poñer as seguintes medidas:
56 gramos de azucre, 80 gramos de manteiga, 10 gramos de sal, 5 gramos de fermento e 9 gramos de fariña. Cantos decagramos son?**

59 – Un camión leva 8.000 quilos de area e 25.000 quilos de cemento; cantas toneladas leva o camión?

**60 – Na bolsa da compra levo os seguintes pesos:
5 decagramos de azucre, 1.000 gramos de fariña, 2 hectogramos de manteiga e 250 gramos de pan. Cantos quilos levo na bolsa?**

61 – Se un ladrillo pesa 250 gramos, canto pesan 100 ladrillos? Expresa o resultado en quilos.

62 – Teño un bidón con 5 litros de aceite. Se saco 2 vasos con 250 mililitros cada un, canto aceite queda no bidón?

**63 – Suma as seguintes cantidades e expresa o resultado en litros:
2,5 decalitros + 1,2 hectolitros + 5 litros**

**64 – Suma as seguintes cantidades e expresa o resultado en quilos:
30 decagramos + 1.000 miligramos + 50 decigramos + 5 hectogramos**

**65 – Ordena de maior a menor as seguintes medidas de capacidade:
13 mililitros – 1 decalitra – 23 litros – medio hectolitro – 50 mililitros**

**66 – Ordena de maior a menor os seguintes pesos:
260 hectogramos – 450 centígramos – 300 decagramos – 1 quilo – 325 gramos**

**67 – Un guindastre pode levantar 3 toneladas de peso. O encargado da obra pon no aparello os seguintes pesos:
20 sacos de cemento de 50 quilos
35 sacos de area de 40 quilos
5 pas de 7 quilos cada unha
3 sachas de 5 quilos cada unha
25 litros de auga.
Pode o guindastre subir todo este peso ou non?**

68 – Un barquillo pesa 10 gramos. Se unha caixa ten 120 barquillos, canto pesa a caixa? Expresa o resultado en quilos.

69 – Expresa un metro como suma de, polo menos, 3 cantidades.

70 – Expresa un litro como suma de, polo menos, 3 cantidades.

71 – Quero facer un castelo con pezas da miña arquitectura. Cada peza pesa 30 gramos; se o castelo ten 100 pezas, cantos quilos son?

72 – Di en que séculos ocorreron os seguintes feitos históricos que che indicamos en anos:

Descubrimento de América: 1492

Publicación de *Cantares gallegos*: 1863

Chegada do home á Lúa: 1969

73 – Meu avó di que ten 6 décadas, un lustro e 3 anos de idade. Cantos anos ten meu avó?

74 – Cantos lustros ten un século?

75 – Escribe en orde de maior a menor os seguintes tempos:

7 horas, 68 minutos e 100 segundos

3 horas, 14 minutos e 3.600 segundos

1.440 minutos

12 horas.

76 – Cantas horas ten un mes?

77 – Fai as seguintes sumas:

12 horas, 38 minutos e 12 segundos

5 horas, 65 minutos e 56 segundos

10 horas, 33 minutos e 89 segundos.

78 – Resta:

14 horas, 4 minutos e 23 segundos – 12 horas, 45 minutos e 56 segundos

79 – Un avión sae do aeroporto de Santiago de Compostela ás 14 horas e 15 minutos e chega ao aeroporto de Madrid ás 15 horas, 1 minuto e 34 segundos. Canto tempo durou a viaxe?

80 – Nunha carreira pedestre participan 5 nenos e nenas. Estes foron os seus tempos:

Antía: 1 hora, 3 minutos e 5 segundos

Luís: 65 minutos e 12 segundos

Breixo: 58 minutos e 653 segundos

Pedro: media hora, 34 minutos e 2 segundos

Iria: 3 cuartos de hora, 12 minutos e 45 segundos

Escribe en orde os tres primeiros postos.

81 – Xurxo esperta todas as mañás ás 8 en punto, tarda 5 minutos en erguerse da cama e 15 minutos máis en facela, logo vai á ducha, onde está 20 minutos, tarda 18 minutos en almorzar e despois sae andando axiña para a escola porque o timbre soa ás 9 e cuarto. Canto tempo ten que camiñar Xurxo?

82 – Carlos entrou no cinema ás 6 en punto da tarde e saíu ás 18 horas e 55 minutos. Canto tempo estivo no cinema?

83 – A primeira clase da mañá dura 1 hora e a segunda dura 55 minutos. Cantos segundos suman entre as dúas clases?

84 – Nunha fita de vídeo de 120 minutos gravei unha película que comezou ás 7 da tarde e rematou ás 20 horas e 48 minutos, pero parei de gravar durante 12 minutos e 25 segundos de anuncios. Cantos minutos me quedan libres na fita de vídeo?

85 – Meu pai ten 4 décadas, un lustro, 2 anos e 3 meses de idade. Miña nai ten 3 décadas, 2 lustros, un ano e 8 meses de idade. Cal é a diferenza de idade entre meu pai e miña nai?

86 – Cada día tardo 23 minutos en ir andando á escola e outro tanto en volver á casa. Cantos minutos tardo en ir e volver da escola ao longo dunha semana?

87 – Santiago di que a película da televisión comeza ás doce da noite, pero a súa irmá Lucia di que comeza ás 0 horas. Quen ten razón?

88 – Debuxa un ángulo plano, outro de 80° e outro de 30° .

**89 – Clasifica os seguintes ángulos pola súa abertura:
 90° – 45° – 100° – 180°**

90 – Debuxa un ángulo de 120° e traza a súa bisectriz, logo mídea.

91 – Calcula a superficie dun campo rectangular que ten 15 metros de largo e 40 metros de longo.

92 – Debuxa unha circunferencia de 4 metros de diámetro e traza:
- Un raio
- Un sector circular de 30°
- Unha corda de 3 centímetros
- O centro.

93 – Calcula o perímetro e debuxa unha figura que ten de lados 3, 7, 6 e 8 centímetros respectivamente.

94 – Debuxa un triángulo rectángulo que teña un ángulo de 30° e di tamén canto mide outro ángulo.

95 – Di que horas poden ser cando as agullas dun reloxo fan ángulo recto.

96 – Teño unha baldosa en forma de cadrado que ten unha superficie de medio metro cadrado. Expresa en centímetros o valor do seu lado.

97 – Calcula a área dun triángulo que ten de lado 8 centímetros e de altura 15 centímetros.

98 – Debuxa un triángulo equilátero de 24 centímetros de perímetro.

99 – Noa ten 30 cromos e Lucía 7 cromos máis ca Noa, pero Elena ten o duplo ca as dúas xuntas e Alicia a metade ca Noa. Cantos cromos teñen entre as catro amigas?

100 – Queremos facer un valado de forma rectangular, de 50 metros de longo e 20 metros de largo, con taboleiros de 50 centímetros de largo. Cantos taboleiros preciso?

3.º ciclo – 2.º curso
6.º de educación primaria

1 – Na época das rebaixas merquei tres pezas de roupa por valor de 75, 80 e 40 euros, respectivamente, e en cada unha fixéronme un desconto do 10, 5 e 20%.

Canto paguei ao final da compra?

2 – Merquei unha caixa de aceite por 230 euros e quero vendela cunha ganancia dun 15%. Por canto teño que vendela?

3 – Un alxibe ten unha capacidade de 25.000 litros. Cantos metros cúbicos son?

4 – As rodas da miña bici teñen 35 centímetros de raio. Cantas voltas teñen que dar para percorrer 3 quilómetros?

5 – Nunha festa de aniversario, dividimos a torta en 15 partes iguais. Cada neno colleu 2 partes e sobrou unha. Cantos rapaces e rapazas había na festa?

6 – Suma e representa os seguintes ángulos: 25°, 30° e 46°.

7 – Réstalle un ángulo de 30° a un ángulo recto.

8 – Suma: $0,088 + 2,35 + 46,386 + 1,4$.

9 – Hoxe fago 3 anos e meu pai ten os meus anos elevados ao cubo. Cantos anos ten o meu pai?

**10 – Fun ao mercado e trouxen 500 gramos de fariña, 1 quilo de bacallau, 300 gramos de pescada, 200 gramos de azucre. Canta carga teño que traer?
Expresa o resultado en gramos.**

11 – Teño unha pelota de 20 centímetros de raio. Se a puidese encher de auga, canta auga cabería?

12 – Debuxa un ángulo agudo, outro plano e outro recto e logo di os graos que ten cada un.

13 – Un neno asiste á escola 5 horas diarias, logo fai 1 hora de baloncesto e media hora de lectura. Cantos minutos ten ocupados cada día?

14 – Entrei no comedor do colexio ás dúas da tarde e saín ás 15 horas. Canto tempo estiven dentro?

**15 – Aproxima ao número enteiro correspondente os seguintes números decimais:
 $2,98 - 3,01 - 4,24 - 5,84 - 7,89 - 1,01 - 7,65$**

16 – O número de alumnos/as dun colexio de primaria é o seguinte:

1.º - 24 nenos/as

2.º - 23 nenos/as

3.º - 18 nenos/as

4.º - 24 nenos/as

5.º - 20 nenos/as

6.º - 24 nenos/as.

Cal é a media de alumnos/as do centro?

Cal é a moda?

17 – Un barco de pesca chega a porto con 3.670 quilos de pescada, 1.237 quilos de ollomol, 789 quilos de lagostinos e 4.598 quilos de sardiña. Con cantos quilos de pesca chega a porto?

Se reserva a metade de quilos de pescada e un terzo de quilos de lagostinos, que cantidade de peixe e marisco pode vender na lonxa?

18 – Nunha rúa hai 138 farois acesos, 27 apagados e 10 avariados. Cantos farois hai en total na rúa?

19 – Se un paquete de xiz ten 24 barriñas, cantas barriñas haberá en 25 paquetes?

20 – Temos que distribuír 3.960 quilos de area entre 24 sacos. Canta area haberá en cada saco?

21 – Ana fixo a seguinte compra nunha librería:

12 lapis a 30 céntimos cada un

12 gomas de borrar a 12 céntimos cada unha

7 bolígrafos a 45 céntimos cada un.

Tendo en conta que lle fixeron unha rebaixa de 2 céntimos por lapis, 1 céntimo por goma e 5 céntimos por cada bolígrafo, canto tivo que pagar ao final?

22 – Na nosa clase temos 2 paquetes de 500 follas de papel e outro paquete aberto coa metade de follas. Cantas follas temos en total?

23 – Na festa do meu aniversario deille 8 bólas a cada un dos 7 amigos que viñeron á festa, cantas bólas repartín?

24 – A pista de atletismo do colexio ten 420 metros de perímetro. Se damos 5 voltas, cantos quilómetros percorremos?

25 – Pola compra de 4 iogures paguei 3 euros e 32 céntimos. Canto custa cada iogur?

26 – Teño que repartir 4 caixas de galletas entre 8 bandexas, cada galleta pesa 50 gramos e cada caixa trae 40 galletas. Cantas galletas poñerei en cada bandexa e canto pesará cada unha?

27 – Merquei 1.500 quilos de patacas por 3.000 euros, logo fago bolsas de 3 quilos que vendo a 2 euros e 50 céntimos cada bolsa. Cantas bolsas fago e canto diñeiro gañarei?

28 – Un barco pesqueiro descarga 8 caixas de pescada e 7 caixas de ollomol por un total de 312 quilos de peso. Se cada caixa de pescada pesa 17 quilos, canto pesa cada caixa de ollomol?

29 – Cada paso de Breixo mide 60 centímetros. Cantos pasos dará Breixo para camiñar 1 quilómetro e 200 metros?

30 – Merquei 3 iogures de amorodo, 2 iogures de mazá, 4 iogures de limón e 1 iogur natural. Cantos iogures merquei? Escribe cada grupo de iogures en forma de fracción.

31 – Teño que camiñar 3 quilómetros e xa levo camiñado un terzo e 500 metros. Canto me falta para rematar a viaxe?

32 – Xián, Antón e Néstor teñen que ler un libro entre os 3. Xián xa leu $\frac{2}{3}$ das follas e Antón $\frac{1}{5}$. Que fracción do libro leu Néstor?

33 – Merquei na tenda 1 barra de chocolate por 1 euro e 65 céntimos, 1 bolsa de patacas fritidas por 95 céntimos e froitos secos por 2 euros e 5 céntimos. Cando saín da tenda vin que levaba gastados $\frac{3}{5}$ dos cartos que tiña. Cantos cartos tiña antes de entrar na tenda?

34 – Quinto A xogou 12 partidos de fútbol con quinto B e gañou 6, e sexto A xogou 20 partidos de fútbol con sexto B e gañou 10. Quen obtivo mellores resultados?

35 – Paio bebe cada día litro e medio de auga, 250 mililitros de zume e cuarto litro de leite. Canto líquido bebe Paio cada día?

36 – Unha caixa de laranxas ten 268 quilos, dos que se retiran $\frac{3}{4}$ para facer zume. Sabendo que por cada quilo se obtén litro e medio de zume, calcula cantos litros de zume se obteñen en total.

37 – Quero encher 10 botellas de litro e medio de auga. Canta auga preciso?

38 – Nun andel caben 18 libros, pero xa teño ocupados $\frac{2}{3}$ con dicionarios e $\frac{1}{6}$ con contos. Cantos libros caben aínda no andel?

39 – Para facer unha torta que pesa 2 quilos, precisamos $\frac{2}{5}$ de fariña, $\frac{1}{4}$ de azucre e o resto doutros ingredientes. Canto pesan os outros ingredientes?

40 – O noso patio de recreo ten unha superficie de 2.304 metros cadrados e cada curso de primaria pode utilizar $\frac{1}{6}$ da súa superficie. Se cada curso ten dous grupos, que superficie pode utilizar 6.º A?

41 – Repartimos unha torta entre 4 amigos, un toma $\frac{1}{3}$, outro $\frac{2}{5}$, un terceiro $\frac{1}{6}$ e o outro o resto. Canto tomou o último amigo?

42 - A cesta da compra pesa 9 quilos, $\frac{2}{3}$ son mazás e o resto laranxas. Cantos quilos de mazás e laranxas merquei?

43 – Na aula temos 42 libros; $\frac{1}{7}$ son dicionarios, $\frac{2}{6}$ son contos, $\frac{1}{3}$ son de animais e plantas e o resto de temas varios. Cantos libros hai de cada tipo?

**44 – Quero mercar, a prazos, un televisor que custa 1.115 euros da seguinte forma:
Entrada: 20%
Resto: 12 pagos de 80 euros.
Cal é a diferenza entre o prezo do televisor e o que teño que pagar?**

**45 - A unha planta de reciclaxe de lixo chegan cada día 67.965 quilos distribuídos da seguinte forma:
18% de vidro
6% de papel e cartón
23% de envases lixeiros
E o resto de materia orgánica.
Cantos quilos de materia orgánica chegan á planta de reciclaxe?**

46 – Temos 28 paquetes de cuarto quilo de fariña, dos que retiramos $\frac{2}{4}$ para facer unha empanada e 2 paquetes máis para facer pan. Cantos quilos de fariña quedan?

47 – Merquei un paquete de pan torrado, de oferta, cun 60% de produto gratis. Se o paquete adoita ter 30 torradas, cantas trae hoxe?

48 – Mirando un plano, observamos que a distancia entre dúas vilas é de 3 centímetros. Se a escala do plano é de 1:200.000, cal é a distancia real en quilómetros?

49 – No meu banco danme uns xuros do 4% cada dous meses. Se teño aforrados 787 euros, canto diñeiro terei ao cabo dun semestre?

50 – Para facer unha sobremesa para 4 persoas precisamos:

1 quilo de fariña

$\frac{1}{2}$ quilo de azucre

$\frac{1}{2}$ quilo de limóns

$\frac{1}{4}$ quilo de queixo

$\frac{1}{4}$ quilo de manteiga.

Calcula o peso dos ingredientes que se precisan para facer unha sobremesa para dúas persoas.

51 – Nunha axencia de viaxes ofrecían unha excursión por 120 euros/persoa con descontos do 5% á parella e do 10% a cada fillo. Se viaxa unha parella e dous fillos, cal é o prezo final?

52 – Unha ONG tenta facer un pozo de auga potable en Etiopía. O prezo da perforación é de 123 euros por metro e a recadación foi de 5.786 euros, dos que sobran 866 euros. Cal é a profundidade do pozo?

53 – No Nadal fixemos unha recollida de alimentos para os máis necesitados e obtivéronse 2.678 quilos de alimentos repartidos do seguinte xeito: o 12 % foi de fariña; o 15%, de azucre, o 4%, de lambetadas de Nadal; o 20 %, de conservas; e o resto sen cuantificar.

Cal é a cantidade de cada cousa expresada en quilos?

54 – Unha cooperativa do Senegal quere mercar un tractor agrícola que custa 7.654 euros. Para iso dispón das seguintes contribucións:

Os propios membros da cooperativa achegan un 15%.

O goberno, un 12%.

Unha ONG galega, o 20%.

Para o resto teñen que pedir un crédito a un banco do seu país, que o financiará a un 4% que terán que aboar en 12 cotas mensuais.

Canto terán que pagar cada mes?

55 – Un quilo de bombóns custa 50 euros. Se cada bombón pesa 20 gramos, canto custa un bombón?

56 – Vaise construír un colexio nunha parcela de 8.000 metros cadrados coa seguinte distribución:

Edificación: 3.000 metros cadrados en dúas plantas.

Polideportivo: 12 decámetros cadrados.

Aparcadoiro e accesos: a metade ca cada unha das plantas do edificio.

O resto, zona verde.

Canto corresponde á zona verde?

57 – Os contedores de lixo da miña rúa teñen unha capacidade de 2,4 metros cúbicos. Cantos litros son?

58 – Preciso mercar 12 litros de pintura para pintar o meu cuarto, pero na tenda só atopo botes de pintura de 1.200 mililitros de capacidade. Cantos botes preciso mercar?

59 – Para baleirar o estanque de patos do parque utilízase unha bomba que achica auga a unha velocidade de 20 litros por segundo. Se tardan 45 minutos en baleirar todo o estanque, cal era a súa capacidade?

60 – Os nenos e nenas do colexio enviaron a un país do terceiro mundo un lote de material escolar que pesaba 89 quilos. Se sabemos que cada libro pesa 400 gramos e cada caderno 200 gramos e sabemos tamén que se mandaron 100 exemplares de cada cousa, cal é o peso da embalaxe?

61 – Fai como queiras o repartimento dun litro de auga entre tres recipientes, sabendo que o primeiro ten o dobre de capacidade ca o segundo e o terceiro ten unha capacidade que é a metade do segundo.

62 – Cantos sacos de arroz de 80 hectogramos se poden envasar con 16.000 quilos de arroz?

63 – Hoxe a temperatura máxima foi de 12 °C e a mínima de -2 °C. Cal é a diferenza entre a temperatura mínima e a máxima?

64 – Teño que envasar 5 litros de leite en botellas de cuarto de litro. Cantas botellas podo encher?

65 – Se sabemos que a amplitude térmica é a diferenza entre a temperatura máxima e a mínima, calcula a amplitude térmica media nunha vila que tivo as seguintes temperaturas ao longo dunha semana.

| Días | T. máxima | T. mínima |
|----------|-----------|-----------|
| Luns | 21 °C | 4 °C |
| Martes | 18 °C | 0 °C |
| Mércores | 18 °C | -1 °C |
| Xoves | 19 °C | -2 °C |
| Venres | 16 °C | -1 °C |
| Sábado | 20 °C | 2 °C |
| Domingo | 17 °C | -4 °C |

66 – Suma os seguintes ángulos agudos e debuxa o resultado:

27° 35' 40''

13° 26' 30''

67 – Expresa en graos, minutos e segundos sexagesimais os seguintes segundos:

13.658''

24.875''

68 – Expresa en segundos sexagesimais:

15° e 25'

48° e 37'

69 – Resta os seguintes ángulos e logo fai o debuxo:

12° 7' 6''

5° 46' 54''

70 – Busca o ángulo suplementario dos seguintes:

124° 14' 54''

13° 50' 38''

71 – Busca o ángulo complementario dos seguintes:

89° 12' 5''

10° 48' 39''

72 – Un produto que custaba 60 euros subiu de prezo un 5%. Cal é a diferenza entre o que custaba antes e o que custa agora.

73 – No maratón intercultural do colexio recadáronse 2.500 euros na venda dos tres postos do mercado solidario:

Alimentos típicos, un 10% da recadación total.

Roupa, un 50% da recadación total.

A artesanía popular recadou o resto.

Cantos euros se recadaron en cada posto?

74 – Debuxa un triángulo rectángulo que teña de lados 3, 4 e 5 centímetros respectivamente, pinta de verde os vértices e logo di canto mide cada un dos outros dous ángulos.

75 - Teño que pórle un valado a un terreo irregular que ten as seguintes medidas: 18, 15, 20, 42 e 37 metros respectivamente. Se cada metro de valado custa 50 euros, canto pago ao final?

76 – Calcula a área dun triángulo rectángulo que ten un lado que mide 20 decímetros e outro lado que mide 2 decámetros.

77 – Un crebacabezas ten as pezas en forma de cubo e a aresta mide 1 centímetro e, cando o monto, ten unha superficie de 24 centímetros cadrados. Di cal é o longo e o largo desa superficie?

78 – Para calcular a superficie dun terreo irregular, dividímolo en figuras planas coñecidas, así conseguimos un cadrado de 2 decímetros de lado, un rectángulo de medida de 1 hectómetro de longo e 23 metros de largo, e un triángulo cunha base de 14 metros e unha altura de 12 decámetros. Cal é a superficie total do terreo?

79 – Unha caixa de cartón ten de medidas 25 centímetros de altura, 7 decímetros de longo e 300 milímetros de largo. Cal é o seu volume?

80 – Pretendo introducir 150 litros de zume de laranxa en cartóns de 20 centímetros de alto, 30 milímetros de longo e 1 decímetro de largo. Cantos cartóns teño que usar?

81 – Nunha zapatería hai un número de caixas iguais amoreadas que nos dan un volume de 6 metros cúbicos. As medidas de cada caixa son:

Longo: 40 centímetros

Largo: 15 centímetros

Alto: 10 centímetros.

Cantas caixas hai amoreadas?

82 - Quero empapelar un cuarto que ten 250 centímetros de alto e as paredes teñen de longo 2 metros, 375 centímetros, 14 decímetros e metro e medio, respectivamente.

Unha das paredes ten unha fiestra rectangular de 100 centímetros de longo e 7 decímetros e medio de alto, unha porta de 75 centímetros de longo e 2 metros de alto. Canto papel preciso?

83 – Di como se fai a seguinte serie numérica:

0 – 1 – 1 – 2 – 3 – 5 – 8 – 13 – 21 – 34 – 55 – 89

84 – Nun terreo de 300 metros cadrados teño que plantar árbores cunha distancia de separación de 3 metros. Cantas árbores podo plantar?

**85 – Maruxa ten as seguintes notas en matemáticas: 7, 5, 3, 1, 4.
Aprobará ou non?**

**86 – Nun partido de fútbol entre 6.º A e 6.º B metéronse 7 goles. Antón marcou 3 goles, Adrián meteu 3 goles, Roi, 2 goles e Carlos, 1 gol máis.
Cal é a frecuencia relativa de cada un?**

87 – Un mozo dun supermercado ten que repartir nun día 15 quilos de peixe, 75 quilos de laranxas, 80 quilos de carne e 30 quilos de fariña. Cal é a media de todos estes pesos?

88 – As alturas de 5 nenos e nenas da miña clase son de 1,58 metros, 1,60 metros, 1,59 metros e 1,65 metros. Cal é a súa altura media?

**89 – Dos seguintes números, di cales son divisibles por 4 sen facer a división.
670 – 800 – 212 – 761 – 928**

**90 – Dos seguintes números, di cales son divisibles por 9 sen facer a división.
281 – 374 – 684 – 211 – 400**

91 – Escribe como potencia e di o resultado das seguintes multiplicacións.

$$7 \times 7 \times 7 \times 7 =$$

$$3 \times 3 \times 3 =$$

$$10 \times 10 \times 10 =$$

92 – Escribe en forma de potencia o número 625.

93 – Resolve o enigma:

Ten 3 cifras.

A súa raíz cadrada está entre 20 e 30.

É múltiplo de 5.

94 – Dos alumnos e alumnas da nosa aula, 7/24 viven no Milladoiro, 10/24 viven en Bertamiráns, 5/24 viven en Sigüeiro e o resto vive en Santiago de Compostela. Cantos alumnos e alumnas viven en Santiago de Compostela?

95 – Cunha garrafa de 4 litros de leite pretendo encher 12 botellas dun cuarto de litro. Canto aceite queda na garrafa?

96 – Percorro 4 quilómetros por unha estrada que no plano mide 2 centímetros. Cal é a escala do plano?

97 – No Festival de Nadal facémoslles as seguintes fotos aos nenos e nenas de 6.º curso:

Antón: 5 fotos

Raquel: 6 fotos

Paulo: 3 fotos

Tareixa: 4 fotos

Cal é a frecuencia relativa de cada neno ou nena?

Cal é a moda?

Cantas fotos se fixeron en total?

98 – Dos 50 alumnos e alumnas de 6.º A e 6.º B, un 40% utiliza o comedor escolar, un 10% utiliza o transporte escolar e un 30% asiste a algunha actividade extraescolar. Cantos alumnos e alumnas non fan uso deses servizos do colexio?

99 – Mingos fixo a maqueta do *Titanic* empregando unha escala de 1:250. Se a maqueta mide 80 centímetros, cal é a lonxitude (eslora) do barco na realidade?

100 – Dos 20 nenos e nenas que comezamos xuntos 1.º de primaria, uns cambiaron de colexio e outros tiveron que repetir curso; ao final chegamos a 6.º de primaria soamente un 80% dos que comezamos e agora somos 24 na clase. Cantos nenos e nenas novos se foron incorporando?

Xa remataches, parabéns! Agora pensa cantos problemas fixeches ti só e en cantos precisaches axuda. De todos os xeitos, revísaos ben, así poderás comezar os novos estudos da ESO con máis garantías de éxito.

Pola nosa banda, soamente nos queda desexarche que fagas uns brillantes estudos.

Unha forte aperta,

Equipo de Dinamización da Lingua Galega